

# Creando empresas saudables



## Creación dunha contorna saudable de traballo

Partindo da situación actual atopámonos con que os accidentes e as baixas por incapacidade temporal (absentismo) aumentaron considerablemente nos últimos anos. Isto fai que diminúa a capacidade das nosas empresas para xerar produtos e servizos e por tanto diminúe a produtividade das mesmas. A riqueza dunha empresa depende da saúde dos seus traballadores, para iso é vital mellorar:

### Problema: Falta de Conciliación Laboral e Familiar

#### Causas:

1. Falta de flexibilidade horaria.
2. Imposibilidade de conciliar vida laboral e familiar.
3. Horarios dilatados.

#### Consecuencias:

1. Desmotivación dos traballadores nos seus postos de traballo.
2. Aumento da tensión e estrés consecuencia da dobre presenza.
3. Redución da participación dos traballadores.
4. Culminación de condutas de rexeitamento ás melloras propostas.

#### Medidas aplicables para conseguir unha contorna saudable:

1. Flexibilidade horaria.
2. Posibilidade de facer vacacións ligadas ao calendario escolar.
3. Día libre de traballo o primeiro día de colexiño.
4. Posibilidade de acompañar a un familiar ao médico.
5. Banco de horas.
6. Gardería custeada pola empresa.
7. Posibilidade de canguro se xorden imprevistos no traballo.